



“A poesía, a cultura, axúdanos a construír o mundo, sempre que esteamos dispostos a cambiar”

[Montse Dopico](#) 27 de decembro de 2014

<https://praza.gal/cultura/la-poesia-a-cultura-axudanos-a-construir-o-mundo-sempre-que-esteamos-dispostos-a-cambiarr>

As mulleres que transmiten a tradición. O tempo. O canto, o ritmo. A memoria. A cicatriz. A posibilidade do cambio. Abrir os ollos á luz. A imaxe. A emoción. Todo iso, e moito máis, é *A distancia do tambor*, (Espiral Maior), o poemario co que Eva Veiga gañou o XIII Premio de Poesía Fiz Vergara Vilariño. Falamos con ela deste e dos seus outros libros.

***A frecha azul do teixo* estaba marcado pola ausencia. *A distancia do tambor* tamén, pero doutra maneira. Cal é a relación entre os dous libros?**

Sempre hai continuidade entre os libros porque veñen da túa biografía, da túa reflexión sobre a vida. Neste caso si hai unha continuidade en canto á ausencia, pero nun sentido diferente. No libro anterior a ausencia é a dor e a linguaxe como ámbito seu: a linguaxe como capacidade para traer a presenza. En *A distancia do tambor* xa non é a ausencia da nai: aínda que, claro, algo tan radical como a perda da nai vai estar sempre. Pero aquí é máis ben a infancia como lugar “inocente”, no sentido de estar a descubrir o mundo. É o que sempre andamos a buscar, porque é inexplicable, porque toca a cerna da vida.

As experiencias radicais achégannos a ese núcleo adoito inaccesible da vida, ao máis dentro do corpo... A poesía permítenos a distancia para contemplar os feitos, pero o que pretende é volver ao ritmo, -que trae a emoción-, a ese lugar, a esa experiencia. Neste libro son fundamentais as mulleres. As nais, as avoas,..., as mulleres que nos aleitaron, que nos transmitiron, -sobre todo elas-, a tradición, o canto. E o canto é o primeiro. As mulleres son, ademais, as grandes vítimas da historia. E o que eu quero é a loita por deixar de selo, a asunción desa responsabilidade.

O título de *A distancia do tambor* vén dun poema que lle dedicas a Margarita Ledo, con quen rodaches *A cicatriz branca*.

É que o libro naceu en Bos Aires, na estación Constitución, durante a rodaxe da película de Margarita Ledo. Alí naceu o primeiro poema. Eran moitas horas alí na estación e a miña personaxe era unha muller emigrada. Pensando niso fíxeme máis consciente de algo que xa

dixo Tennessee Williams: que a distancia máis insalvable é a temporal. E a poesía é o que nos permite salvara. A da emigración forzosa segue a ser a grande ignominia actual: a causa, unha economía especulativa e transnacional deshumanizada e deshumanizadora que provoca ademais terribles conflitos armados e, xa que logo, milleiros de seres humanos desprazados. E mulleres e nenos sempre levan a peor parte. Por iso o poema de Mali...

Nótase neste poemario un traballo de contención da palabra: versos e poemas curtos... Por que?

O poema é o reino da liberdade, o reino dos sentidos, porque permite cantos máis sentidos mellor. A min gústame a boa poesía e admiro tamén o verso longo, pero no que eu escribo, e non só poesía, se podo dicir o mesmo con dúas palabras non o digo con máis. Non é austeridade, -que non me gusta nada esa palabra-, mais si contención, porque é aí onde atopo a pulsión. Onde a palabra está menos determinada pode significar en plenitude. Quero dicir que a palabra ten aire para se mover en todos os sentidos, para acadar co lector ou lectora outros significados. O poema paréceme así máis vivo. Aínda que non é algo que eu me impoña. É o que me pedía o poema cando escribín este libro. Non ten por que ser así no futuro.

Hai desde haikus ata rimas..., -que xa había e *Fuxidíos*, por exemplo-. Tamén é moi libre nese sentido.

Tampouco me impoño nada niso. Unha vai evolucionado con respecto á propia existencia, á vida. Cada sentido, cada significado, trae a súa forma, se es sincera contigo mesma. E a rima non deixa de ser ritmo. Dixo Xavier Seoane que hai bastante rima asoante na miña poesía, que eu non me dera conta... Mais é o que dicía: é o que pide o poema en cada momento. Escribo con total liberdade, claro. Se non fose así non tería sentido escribir. Escribir é unha aventura de coñecemento e é marabilloso ter un medio de expresión como a poesía, que che permita esa exploración coa linguaxe. Somos linguaxe, ao fin.

A memoria está moi presente en *A distancia do tambor* e estaba en *A frecha azul do teixo*. Por que?

A memoria é a plataforma sobre a que se ergue o futuro. Sen memoria non habería evolución, non seríamos nada. Non só pola memoria xenética, senón tamén pola cultural. A memoria cóntanos, e a medida que se vai contando, vaise afastando do relato orixinal. Outra cousa é o labor documental, que si ten que axustarse ao relato dos feitos. Pero a literatura non conta os feitos. Dicía Octavio Paz que a historia dáunos os feitos e a literatura a verdade. Porque a verdade está nos sentimentos. A verdade é o movemento espiritual, que nos leva a sentir, contar a transformar. E a historia da cultura é a historia da transformación, e a poesía é tamén transformación. Eu non concibo un pobo sen poetas, porque sen poesía non temos documentación do sentir das emocións, da verdade. Por iso as cantigas poden dar máis información que a historia. A memoria pode agochar o relato verdadeiro. O poema conta a historia, transformándoa. E é nesa transformación onde a memoria se fai presente e porvir.

***A distancia do tambor* ten unha dimensión colectiva. Antes falabas de Mali. Tamén hai un poema dedicado a Implicadas no Desenvolvemento.**

É que eu creo firmemente que isto non ten amaño se non somos conscientes de que a humanidade é un superorganismo que ten que vivir harmoniosamente, sen que poida haber unha parte da humanidade que explota a outra: isto é dunha estulticia mental tan absurda... E nisto, a vida saberá por onde nos leva, é dicir, a vida fará algo para que cambiemos, porque a

explotación por parte do grande capital de boa parte do planeta non leva a ningures. Por iso temos que ser conscientes desa dimensión colectiva. O cal non supón renunciar ao individual. Pensar na humanidade como superorganismo muda todo: o punto de vista ético e tamén o estético. Temos que mudar, sobre todo, as emocións. Por iso é tan importante a poesía, e a arte en xeral. A poesía, a cultura, axúdanos a construír o mundo, sempre que esteamos dispostos a cambiar.

“Na cicatriz/ dunha pinga de auga/ sobrevivir”, di un dos poemas de *A distancia do tambor*. Que é a cicatriz nos teus libros?

A cicatriz naceu co libro *A luz e as súas cicatrices*. A cicatriz é a pegada de algo que deixou unha impresión forte. Todas as impresións fortes levan en si o gozo da revelación, porque a revelación é aprendizaxe, e por outro lado a dor. Eu non fago apoloxía da dor, por suposto, mais a vida ensínanos que a dor, que é algo que non eliximos, fainos ver cousas que antes non eran para nós visibles. A dor en si só pode embrutecer, pero temos capacidade de transformala en camiño, en visión, en luz. A cicatriz, como impresión que nos deixou unha experiencia radical, é como un catalizador, que axuda a ver, como se nos aparecesen máis ollos.

“A nunca segura posibilidade de saír con vida/ do túnel das palabras”, di outro poema. En *A distancia do tambor* tamén está a palabra como conflito.

Porque a palabra axuda a ver, revela, pero tamén oculta. A linguaxe está contaminada, trae moito lixo que hai que limpar. Hai palabras que foron cargadas con significados espurios. As grandes palabras de sempre están a ser utilizadas para dicir o contrario do que significan. Ademais, hai prostituidores da palabra profesionais. Por iso a palabra ten que ser limpada, posta ao servizo de si mesma, do significado que lle corresponde. Se as palabras están contaminadas, tamén o está o pensamento. Un exemplo é o machismo: é incríbel que xente nova siga a ser machista. En relación con iso, hai que limpar a palabra amor. Se non entendes o que é o amor, estás perdido porque vas confundirte na vida. Ao meu modo de ver, o estado da palabra, e en especial o da palabra poética, ten que ser crítico e asemade de emerxencia.

Falabas antes de *A luz e as súas cicatrices*. En realidade, a luz está moi presente en todos os teus poemarios, con distintos significados. Por que?

É algo inevitable para min. Para escribir *A luz e as súas cicatrices* estudei a luz como fenómeno físico. Pero non é só iso. Somos un epifenómeno da luz: sen a luz non seríamos. É a imaxe máis certa do noso ser. E ademais a luz é inapreixábel: non a podemos reter. A luz manca, como cando ves despois de ter os ollos pechados. Pero tamén dá vida, e como a vida é un camiño de coñecemento, a luz é a imaxe da busca. Sempre está, como algo que revela, algo que fai ver.

Outra imaxe que aparece moito nos teus libros é o sangue. Por algún motivo especial?

É que eu son transplantada de médula e claro, ao ter esa experiencia aprendes que no sangue está todo, que é a verdadeira memoria humana. A médula é como a fonte, o manancial. Aí nace o sangue, naces ti... A min gústame moito ir onde nacen os ríos. O borboriño da auga lémbreme o borboriño da miña médula.

Tamén hai moita consciencia do tempo. Como en *A frecha azul do teixo*.

O tempo é como a luz, o que nos constitúe de xeito radical, mais que non podemos apreixar. Se pensamos no que nós chamamos o paso do tempo, semella que se nos fose a vida. Pero eu penso que non é así, que gañamos vida. O malo é se pensas que todo tempo pasado foi mellor. Ese é

un pensamento melancólico, e eu non son melancólica, senón optimista, e realista. Eu quero ter esperanza. Que veña o que veña na vida, que me permita transformalo e aprender mentres teña ganas. Eu quero vogar a favor do tempo e non en contra. De todas maneiras, fronte a esa visión do tempo como sucesión inexorábel hai outras: o tempo cíclico, o tempo zen... e eu sitúome máis aí.

***Desconcerto* tiña un lado colectivo que conecta con *A distancia do tambor*. A estirpe á que queren roubarlle a liberdade, a precariedade, os mortos nas cunetas do país e, en xeral, a necesidade da insubmisión.**

Eu non son agora moi activista pola miña precaria saúde, pero funo moito, e para min é algo fundamental. Non somos nada sen o colectivo. Aínda que eu tamén son alérxica ás imposicións ideolóxicas: para min é moi importante a liberdade de pensamento. É fundamental o ben colectivo.

Os afectos tamén marcan os teus poemas. O amor e o desamor, por exemplo en *Paisaxes do baleiro*.

O desamor é unha experiencia radical tamén. Pero máis alá da experiencia persoal que poidamos ter cadaquén, o que me interesa é o amor e o desamor como asunto. Eu creo que o amor é esa forza única que están a buscar os científicos. Creo que ten unha función individual e cósmica que aínda non conseguimos entender.

Salientabas antes a importancia da poesía como xeito de expresar a emoción. A túa poética alicérase niso: a emoción, as sensacións... E eu, en definitiva.

Non coñezo outra forma de ser veraz que contar algo a través de min, o cal non significa que non escoite aos outros. As sensacións, as emocións, son testemuño de ti mesmo, aínda que a través delas buscas expresar algo máis universal. De todas maneiras, a min o que máis me interesa é a creación de imaxes. A imaxe é como o contacto das almas felices de falaren, como dixo alguén.

É verdade iso de que decidiches ser poeta tras escoitar un poema recitado na escola?

Totalmente. Tiña catro anos e a mestra leu un poema na escola. Foi unha experiencia tan radical, -se cadra a máis radical da miña vida-, que quedei totalmente abraiada. Era unha metáfora da transformación, dun verme de seda. Quedei absolutamente noqueada. A mestra explicoume o que era a poesía. E eu cheguei á casa e díxenlle a miña nai que quería ser poeta. Ela riu e dixo que os poetas morrían pobres. Pero a min non me importaba... Desde entón teño esa necesidade de escribir. Se cadra tamén por iso recito co grupo Ouriol...